

CLAVES PARA UNHA DOCENCIA SEN NESGOS DE XÉNERO

Campus de Ourense

Presentación

O **Curso de claves para unha docencia sen nesgos de xénero** insírese dentro das actividades formativas institucionais da Universidade de Vigo para o ano 2015. O curso está coorganizado pola Unidade de Igualdade e a Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado.

A acción pretende ofrecer estratexias para introducir a perspectiva de xénero na docencia: que se pode facer como docente na planificación dos contidos da materia e na práctica docente para que a perspectiva de xénero estea presente.

Obxectivos

- Analizar reflexivamente a planificación e desenvolvemento da docencia universitaria para detectar nesgos de xénero:
 - Nas guías e metodoloxías docentes.
 - Nas fontes empregadas.
 - Nos contidos docentes.
 - Na linguaxe e exemplos empregados.
 - Na relación do PDI co alumnado.
 - Na interacción na aula.
 - Na creación de grupos de traballo.
 - Nas cartas de recomendación e informes avaliativos.
- Propoñer formas de evitar eses nesgos e alentar a participación equilibrada do alumnado.

Competencias a desenvolver

- Capacidade crítica.
- Detección de comportamentos androcéntricos.
- Visión transversal de xénero.
- Asunción de pautas docentes non sexistas.

Metodoloxía

- Lección maxistral (formato conferencia), xunto a:
- Visionado de vídeos.
- Participación oral do alumnado.

Destinatarios/as

A actividade formativa está destinada a todo o persoal docente e investigador da Universidade de Vigo.

Duración

Trátase dunha actividade presencial cunha duración de catro horas.

Lugar de impartición

Campus de Ourense. Aula 0.9 do Edificio Facultades.

Calendario e horario

Día: 14 de outubro.

Horario: de 16.00 a 20.30 horas.

Prazas

Ofertaranse vinte prazas que se irán cubrindo por rigorosa orde de preinscrición entre as persoas que cumpran cos requisitos esixidos.

Certificado de asistencia

A asistencia a esta actividade formativa será acreditada pola Universidade de Vigo a todas as persoas inscritas que asistan a todas as sesións presenciais completas que ten o curso.

Profesorado

Mercedes Bengoechea Bartolomé

Profesora da Universidade de Alcalá. É directora do grupo de investigación GENTYLL («Género EN la Traducción Y la Lengua y la Legislación»).

Cabe salientar que ao longo da súa ampla traxectoria profesional que foi decana da Facultade de Filosofía e Letras, participou na Comisión Experta sobre Linguaxe e Infancia Oficial de RTV (RTVE), coordinou o primeiro Informe Anual do Observatorio Nacional de Violencia de Xénero, foi vogal da Comisión de Modernización da Linguaxe Xurídica do Ministerio de Xustiza ou foi condecorada coa Cruz Distinguida de Primeira Clase da Orde de San Raimundo de Peñafort.

Premios

- Premio de investigación *María Isidra de Guzmán* polo seu libro *Adrienne Rich*.
- Premio *Dones Progressistes 2006*, outorgado pola *Federació de Dones Progressistes de la Comunitat Valenciana* pola súa investigación en Lingua e Xénero.
- *Premio á Innovación en Comunicación No Sexista*, outorgado por *l'Associació de Dones Periodistes de Catalunya*.

Honorary Research Fellow

- Lancaster University
- University of Manchester
- University of Liverpool

Campos de especialización

- Tradución feminista.
- Poesía; lingua e xénero; teoría cultural e literaria feminista; escritura feminina.
- Sociolingüística; variedades minoritarias; linguas en contacto; estudos culturais; linguaxe e poder; linguaxe e ideoloxía; a representación social na lingua; violencia de xénero; ideoloxías lingüísticas; políticas lingüísticas.

Participación en proxectos e contratos de investigación nos últimos anos

- 2004-2006. "Literatura y violencia de género: las representaciones de la violencia y la violencia de las representaciones". (Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía. Proxectos I+D+I. IP: Ángeles de la Concha.
- 2007-2009. "Efectos de las políticas lingüísticas anti-sexistas" (Instituto da Muller; Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais). IP: Mercedes Bengoechea.
- 2009-2012. "Neutro, punto de vista y traducción sexuada: De la teoría a las estrategias" (Ministerio de Ciencia e Innovación I+D+I).

Programa

- Xénero e universidade.
- Androcentrismo nas ciencias e nas humanidades.
- Mantemento dos estereotipos.

- Lingua, visibilidade e norma académica.
- Estilos comunicativos de alumnas e alumnos: recoñecemento e flexibilidade ante aqueles.